



## Pensas que o galego é unha lingua sexista?

Onte, 17 de Maio, día das letras Galegas (que este ano homenaxeou á Ricardo Carvalho Calero) todo o Pobo galego puido ler nos xornais e nas redes sociais numerosos artigos xornalísticos escritos na nosa rica e marabillosa lingua.

Por iso, hoxe parécenos un día adecuado para facervos estas preguntas:

- **Pensas que o galego é unha lingua sexista?**
- **Pensaches algunha vez en que coa túa forma de falar poderías estar facendo unha discriminación de xénero?**

A linguaxe é a expresión do pensamento, transmite a forma de pensar, de sentir e de actuar, en cada momento e situación e o predominio do masculino na sociedade contribuíu a que o xénero masculino prevaleza sobre o xénero feminino, e a que sexa o masculino quen determina o uso da lingua, por iso é polo que a discriminación consista no uso xenérico do masculino como xenérico referencial para os dous sexos.

En realidade, a forma na que nos comunicamos en galego (como tamén o facemos en castelán), privilexia ao xénero masculino.

Se nos fixamos ben, isto reflíctese en moitas expresións cotiás, que, sen dúbida escoitas, e, que, con moita probabilidade, empregas.

No artigo de hoxe, pretendemos facer reflexionar a quen que fala galego, vendo tópicos arredor do uso non sexista da linguaxe, exemplos de sexismo a evitar, e aportando recursos que axuden a acadar unha linguaxe inclusiva e incluínte.

### Definición de linguaxe sexista:

Entendemos por linguaxe sexista ou uso exclusivo dun dos xéneros (en xeral o masculino) para referirse a ambos, excluindo ao outro (aínda que esta exclusión sexa, como na maioría dos casos, involuntaria).

Esta práctica fundaméntase na crenza que o masculino, como xénero gramatical, é universal e neutro. Isto non é así.

Dende a proposta da linguaxe incluínte, este uso gramatical si reflicte exclusivamente a visión e a experiencia dos homes e non así a das mulleres, de aí a necesidade de incluír o uso do feminino.

Os entes reguladores das linguas xustifican o uso deste masculino polo principio de “economía lingüística”, dado que relacionan unha linguaxe non sexista coas dobres formas (p.e. cidadás e cidadáns, aínda que logo por “*economía lingüística*” se use só ou masculino); pero en realidade este principio é un falso tópico.

Vexamos **tópicos** que se utilizan arredor **do uso non sexista** da linguaxe:

- **Seica hai cousas máis importantes polas que loitar.** Sempre haberá, diante de calquera cuestión, aspectos máis importantes polos que “loitar”. Pero quizais cómpre lembrar que existen escolas de pensamento, que se basean precisamente en como a linguaxe que se usa modela comportamentos e condutas persoais e colectivas.

O uso non sexista da linguaxe forma parte do que se chama linguaxe incluínte, inclusiva ou integradora, que, máis alá dos sexismos, abarca en si mesma moitos outros conceptos máis complexos no seu desenvolvemento e comprensión, como a relixión, culturas, tópicos, inmigración ou razas.

- **Seica non é necesario cambiar nada se non hai mala intención.** Polo xeral, é difícil atopar situacións nas que realmente haxa mala intención, e moitas veces trátase simplemente de preguiza, insensibilidade ou descoñecemento. Por outra banda, limitar o uso non sexista a “evitar situacións con mala intención” é totalmente subxectivo.

- **Seica coarta e limita a riqueza da linguaxe.** Dado que a miúdo resulta necesario deixar de usar certos termos ou conceptos, e dado que de maneira habitual tamén o coñecemento do uso da lingua é limitado por parte dunha maioría da poboación, o uso reiterado de termos comodín como “persoa” pode xerar unha sensación de perda de riqueza. Neste artigo vese como non ten por que ser así.

- **Seica xera “inflación de palabras”.** Este é o motivo principal aducido polas academias da lingua para non recomendalo e un dos principais motivos polos que moita xente “ridiculiza” a linguaxe non sexista. A linguaxe non sexista non ten porqué xerar ‘inflación’ de palabras. Un exemplo dun artigo dun o regulamento da Cámara dunha CCAA (non é da galega) que afirma intentar ser non sexista:

*"Artigo 2. A sesión constitutiva será presidida, inicialmente, polo Deputado ou Deputada electo de maior idade dos presentes, asistido, en calidade de Secretarios, polos dous máis novos."*

Neste parágrafo seguen a existir 5 sexismos: "Deputado ou Deputada electo", "de maior idade dos presentes", "asistido", "en calidade de secretarios", "polos dous máis novos".

Un texto adaptado a un uso non sexista da linguaxe podería ser: "Artigo 2. A sesión constitutiva será presidida, inicialmente, pola persoa Deputada electa de maior idade de entre as presentes, coa asistencia, en calidade de Secretaría, das dúas máis novas."

Se contamos palabras, vemos que só ten 2 palabras máis, e iso non é “inflación”.

- **Seica xera un estilo impersoal.** Algunhas solucións que se van propor neste anexo, como o uso de termos xenéricos ou impersoais, poden supor para moita xente unha forma de expresión impersoal. Cando se usa “cidadanía” no canto de “cidadáns”, hai quen ten a sensación de perder trato persoal. De feito, a clase política é ávida no uso de dobres formas xustamente por este motivo. En calquera caso, esta percepción é estritamente cultural, e resulta posible cambiála. Ademais, o uso non sexista da linguaxe invita a crear novos conceptos coas palabras que pode facela máis bonita rica e atractiva.

**Neste artigo, centrámonos nunha parte da linguaxe incluínte: a non sexista.**

**Exemplo de NON sexismo :** A terminación en “a” ou en “o” non debe inducir a erro, pois pode ser igualmente unha palabra “neutra”.

- Pobo non é masculino, é neutro.
- A Plantilla non é feminino, é neutro.
- A Dirección non é feminino, é neutro

## Recursos para acadar unha linguaxe inclusiva e incluínte

Existen distintos recursos que teñen, fundamentalmente, tres obxectivos: obter unha linguaxe neutra ou común, destacar ambos xéneros e/ou evitar tópicos sexistas.

### Para obter unha linguaxe neutra (probablemente os máis valiosos)

As palabras neutras son as palabras que se aplican ao xénero masculino ou feminino en forma indistinta ou que non teñen contraposición con outra do xénero oposto. Algúns exemplos (por orde alfabética):

Anestesista, Artista, Atleta, Azucre, Bisonte, Buzo, Calamar, Camarón, Cangrexo, Nécora, Canguro, Cebra, Ciclista, Colibrí, Comandante, Comerciante, Comunista, Congresista, Cordeiro, Cucaracha, Deportista, Dietista, Docente, Dromedario, Especialista, Estilista, Importante, Informante, Maquinista, Mar, Modelo, Molusco, Motorista, Nacionalista, Náufrago, Peixe, Polbo, Público, Tixola, Serpe, Seguinte, Socialista, Telefonista, Tenente, Termita, Titular, Turista, Velocista, etc.

- **Buscar outros termos para expresar o mesmo**

Invención de algúns autores agudos → Invención dalgunhas mentes agudas

- **Uso do pronome quen**

- ✓ Os que pensan que → Quen pensa que
- ✓ Os traballadores da miña empresa → Quen traballa na miña empresa
- ✓ Quen son os lectores deste xornal → Quen son lectores deste xornal (aínda que *quen* non admite nunca plural, ás veces o verbo que o segue si pode ir en plural, sobre todo o verbo *ser*)

- **Substituír os verbos estar e ser por formas reflexivas, ou polo verbo TER**

- ✓ Están comprometidos coa Igualdade → Teñen un compromiso coa Igualdade
- ✓ Somos apaixonados → Temos paixón
- ✓ Quen se dedica á política está obrigado a → quen se dedica á política obrígase a

- **Velar polo uso simétrico de masculinos e femininos**

A asimetría é precisamente o motivo principal do concepto máis amplo de “*linguaxe non incluínte*”.

- ✓ É bastante común escoitar “os *musulmáns*” cando se fala de homes, e das “*mulleres musulmáns*” cando se fala só de mulleres → dicir simplemente “as musulmás” e unha solución ben sinxela.
- ✓ A miúdo podemos ler na prensa “*un home mata á súa muller nunha liorta doméstica*” ao falar de suxeitos autóctonos, e en cambio, falando de estranxeiros, “*un marroquí mata á súa muller nunha liorta*”.

### Para destacar ambos xéneros

En xeral, os recursos que se poden considerar máis valiosos son os do apartado anterior, aqueles que conseguen unha linguaxe neutra.

Pero, en función das situacións a describir, pode resultar moi útil remarcar ambos xéneros.

#### • **Uso de dobres formas.**

Para non excluír a un dos dous xéneros (o feminino en xeral) e ante a inexistencia ou imposibilidade estilística de usar xenéricos, cómpre citar ambos xéneros.

- ✓ En artigos e substantivos: Os traballadores, Os e as traballadoras, ou as traballadoras e os traballadores, traballadores e traballadoras, etc.
- ✓ Só en artigos: Os xornalistas → As e os xornalistas.

#### • **Darlle importancia á orde**

É moi común atopar, malia valorar o esforzo de quen as usa, o masculino sempre diante do feminino (cidadáns e cidadás ou cidadáns/ás)

E a orde importa, por mais dun motivo, e con doadas solucións:

- ✓ Por educación. Do mesmo xeito que non é educado dicir “eu e os meus amigos”, senón que dicimos “os meus amigos e máis eu”, se son home direi “as miñas amigas e amigos” e se son muller “os meus amigos e amigas”.
- ✓ Por criterio alfabético. Tamén podemos decidir seguir un criterio de tipo alfabético á hora de decidir que xénero vai primeiro. Deste xeito, diríamos “o tradutor ou a tradutora” ou tamén “o autor ou autora”, mentres que pola contra diríamos “as nais e pais”, “as mozas e mozos”, “benvidas e benvidos”, etc.
- ✓ Por inclusión. Alternativamente, aínda que é un recurso que pode resultarlle estrano a moita xente, é posible a alternancia a longo do texto da orde, remarcando así que o feminino inclúe ao masculino, e viceversa, mesmo en frases feitas: “quen asistía ao concerto amontoábase cara ao escenario; unhas e outros” querían estar o máis preto posíbel do seu grupo favorito.

#### • **Uso da arroba (@)**

Aínda que hai un certo hábito a usalo en termos de dobre xénero ou en termos que rematan en ‘a’ ou ‘o’ para feminino ou masculino respectivamente, hai que ter en conta que se trata dun recurso informal e non normativo, polo que o seu uso debe limitarse a medios ou momentos de linguaxe moi informal como mensaxes SMS, correos electrónicos, etc.

- **Uso das barras**

En termos xerais é un recurso a evitar, xa que existen outros termos xenéricos e curta a lectura. Porén, se non existe outra posibilidade, é un recurso que resulta útil nalgúns casos concretos, como por exemplo cando falta espazo, nunha listaxe de cargos, en formularios, etc.: director/a, operaria/o, secretaria/o, xefe/a... Aínda que cumpre sinalar que moitos deles teñen xenéricos: dirección, operacións, secretaría, xefatura...

[Para evitar tópicos e/ou bromas sexistas.](#)

Xa sabemos de que van, non si?

Daquela, non debería facer falla poñer exemplos, só que todo o mundo faga un pequeno esforzo...pero imos sinalar algúns:

- ✓ *"É moi boa para ser rapaza"* (falando, por exemplo, de fútbol)
- ✓ Hai traballos de homes e traballos de mulleres, cores de homes, cores de mulleres...
- ✓ *Sabes que é a muller? O motor da escoba*
- ✓ Un mozo preguntalle á bibliotecaria: *"Dereitos da muller? Ciencia ficción, último estante"*.
- ✓ *"Era unha moza tan fea, tan fea, que mandou a súa foto por Internet e borrouna un antivirus"*.
- ✓ *"Que ten a muller unha vez ao mes e dúralles tres ou catro días? O soldo do seu marido"*.

Un de cada tres homes considera graciosas as bromas sexistas, algo que no caso das mulleres é moito menor (unha de cada sete), pero aínda así non desprezable, máis ben, preocupante.

**Coidado!!!** O sexismo non é ninguna broma.

Distintos informes de expertos na materia advirten de que os chistes e insultos machistas son a "matriz das desigualdades"

**Reflexión Final:** Unha linguaxe non sexista, inclusiva e incluínte é aquela que:

- ⇒ **NON NOS CONFUNDE COA SÚA MENSAXE**
- ⇒ **INCLÚE E FAI VISIBLES AOS DOUS XÉNEROS**
- ⇒ **VALORA POR IGUAL A MULLERES E A HOMES**
- ⇒ **DÁLLE A PALABRA A TODO O MUNDO**